# UNIDADE 6: A cultura coma orde simbólica
# Exercicios de apoio

## ACTIVIDADE 1

"En todas as culturas existen certas suposicións sobre a natureza da realidade e sobre a natureza do home, as súas relacións con outros homes e o seu lugar no que el chama o seu mundo. Isto en esencia é que o un quere dicir coa noción de concepción do mundo... Unha concepción do mundo proporciona ás persoas unha estructura da realidade; define clasifica e ordena o "realmente real" do universo, do seu mundo e da súa sociedade... A relixión proporciona ás persoas a súa orientación fundamental cara esa realidade"

ORTIZ: *Novas perspectivas nos indios Pobo*

1.- Que elementos inclúe unha concepción do mundo segundo o texto?
2.- Que cousas proporciona aos individuos a relixión segundo o texto?
3.- Explica en que consiste unha relixión como cosmovisión
4.- Que outras funcións pode ter unha relixión?

## ACTIVIDADE 2

"Na época dos nosos avós, os Antigos, o pobo animal púxose enfermo e non era feliz, e suplicaron a Tatewari (o avó do lume), que ordenara o punto que lles dixese por que estaban enfermos. E Tatewari díxolles que estaban débiles e tiñan dor porque non foran a Wirikuta, o seu lugar de orixe, a cazar o divino pexote que era cervo, coma fixeran os seus antepasados, para atopar a súa vida.
Así que os antigos preparáronse adecuadamente purificándose... dirixíronse ao este, camiñando en fila de a un, cada un no seu lugar adecuado detrás de Tatewari... A viaxe foi moi dura e chea de perigos. Cando viaxaban e acampaban, daban nome a ada lugar segundo oque lles acontecía alí. Cando chegaron a Tatei Matinieri (Onde Viven as Nosas Nais) foron recibidos por Nosas Nais (deidades femininas das fontes, os pozos, a choiva e a fertilidade), que lles deron auga, sagrada para que non perecesen no deserto... Logo, cando foron felices e estiveron en harmonía as Nais acompañáronnos e cando por fin chegaron a Wirikuta, comprendendo que o Cervo era o divino hikuri (pexote), perseguírono e matárono coas súas frechas e comeron a súa carne. Así atoparon a súa vida e atoparon a forma en que un se fai hiuchol"

*Relatado por Peter FURST*

> *A mitoloxía huichol do norte de México é unha complexa simbolización das forzas naturais. O lume é o deus principal, a principal deusa é Avoa Vexetación. No ritual huichol búscase traer a choiva para mellorar as colleitas de millo e consumíase con obxecto ritual pexote, unha droga que foi prohibida polo Tribunal Supremo dos Estados Unidos en 1990*

"Os mitos inspiran a realización da posibilidade da túa perfección, a plenitude da túa forza e o aporte de luz solar no mundo. Matar monstros é matar as cousas escuras. O mito atrápate no teu interior. De neno, tómalo nun sentido,

como eu lendo as historias indíxenas. Despois o mito diche máis e máis e aínda máis. Creo que calquera que se teña ocupado seriamente de ideas míticas ou relixiosas dirache que as aprendemos na infancia nun nivel, pero logo se revelan moitos niveis diferentes. Os mitos son infinitos na súa revelación"

CAMPBELL: *O poder do mito*

1.- De que dous sentidos pode ser entendido un mito?
2.-. Despois de ler o mito indica que lugares e personaxes míticos se relatan
3.- Indica que visión pode ter un neno, o mesmo que unha persoa allea á cultura huichol do mito, á luz do que comenta Campbell no seu texto
4.- Tenta interpretar: que pode significar para os huichol a recreación do mito no ritual da choiva?

## ACTIVIDADE 3

"Como temos dito o home non-relixioso en estado puro é un fenómeno máis ben raro, mesmo na máis desacralizada das sociedades modernas. A maior parte das persoas "sen-relixión" séguense a comportar relixiosamente, sen sabelo. Non so se trata da masa de supersticións ou de "tabús" do home moderno, que na súa totalidade teñen unha estructura ou unha orixe máxico-relixiosa. Hai máis: o home moderno que se sente e pretende ser non-relixioso dispón aínda de toda unha mitoloxía camuflada e de numerosos ritualismos degradados. Como temos mencionado, as celebracións que acompañan ao Aninovo, ou á instalación nunha nova casa presentan, en forma laica, a estructura dun ritual de renovación. Descúbrese o mesmo fenómeno no caso das festas que acompañan ao matrimonio ou ao nacemento dun neno, á obtención dun novo emprego, dunha promoción social, etc

ELIADE: *O sagrado e o profano*

1.- Considera Mircea Eliade que desapareceu o relixioso da sociedade moderna?. Por que?
2.- Explica de que forma os exemplos que pon poden ter algún aspecto "relixioso".

## ACTIVIDADE 4

"Agora é o individuo quen decide tal adhesión, e aínda que se integre na comunidade relixiosa dos seus pais (cousa que continúa a ser o máis frecuente), sabe que isto é tamén algo elixido por el. Aínda máis, como resultado da secularización, a relixión veuse eliminada case por completo das fortes institucións da economía e o Estado. Agora volveuse un asunto pertencente á vida privada, é dicir, precisamente –como xa temos visto,- o ámbito onde se produce a máxima "desinstitucionalización"

BERGER: u*nha gloria lonxana*

1.- Cal é o tema do texto?
2.- Que fenómenos mostran a desacralización da sociedade actual segundo Berger?

3.- Cres que é certa esta visión do texto?

# RESPOSTAS

## ACTIVIDADE 1

1.- Explicacións sobre a natureza da realidade, a natureza do home, das relacións cos outros homes e do mundo.
2.- Proporciona dunha definición, clasificación e orde do universo, do mundo e da sociedade. Ademáis proporciona orientación cara esa realidade.
3.- Unha cosmovisión é unha visión do mundo. A relixión proporciona resposta a preguntas como: como apareceu a natureza?, como apareceu a sociedade humana?, como apareceu o ser humano?... Neste sentido a relixión responde a necesidades de tipo psicolóxico: a necesidade de explicación.
4.- Ademais da función explicativa a relixión ten outras funcións de tipo psicolóxico: proporcionar consolo e proporcionar orientación moral. Ademais cumpre a función social de fortalecer o grupo xa que moi a miúdo o realmente adorado nos ritos é o propio grupo social, a unión do grupo. Por outra parte e como institución, unha igrexa pode responder a funcións de tipo económico, social e político diversas.

## ACTIVIDADE 2

1.- Segundo Campbell para un neno ou para un estraño a unha cultura o mito pode ter un sentido. Sen embargo, se nos ocupamos seriamente del, para un adulto implicado, o mito ten cada vez novos sentidos nun nivel diferente.

2.- Personaxes:
- Tatexari: O Avó Lume
- Nosas Nais: as deidades da natureza: das fontes, os pozos, da choiva, da fertilidade
- Hikuri: o pexote, que é un cervo

Lugares:
- Wirikuta, o lugar de orixe dos animais, onde se pode atopar a súa vida
- Tatei Matinieri: Donde Viven as Nosas Nais

3.- Para un neno o relato pode ser unha aventura perigosa, con seres máxicos.

4.- Noutra análise pode revelar: a necesidade de coidar e prestar atención á natureza para que esta apoie aos seres humanos, a necesidade de esforzarse ou mesmo arriscarse para conseguir productos da natureza para sobrevivir, o apoio que se recibe da natureza (das Deusas Nais) cando o ser humano cumpre coa súa función. O ritual é ademais fortalecedor da unidade huichol (todo isto, claro está, é unha interpretación ficticia, dado que non coñecemos esta cultura o suficiente coma para facer unha análise real)

## ACTIVIDADE 3

1.- Non, pensa que ademais de supersticións e tabús seguimos a desenvolver unha gran cantidade de rituais, aínda que sexan "degradados"
2.- No Aninovo recíbese o ano con uvas, brindis, reunións familiares, reunións cos amigos, ... Na instalación nunha nova casa hai xuntanzas, invitacións, .. o mesmo que cando cambiamos de traballo. No matrimonio pode haber celebracións, civís ou relixiosas, xuntanzas, regalos, o mesmo que co nacemento dun neno.

## ACTIVIDADE 4

1.- A desacralización
2.- Son os individuos quen se adhiren persoalmente a unha relixión, aínda que a miúdo sexa á mesma que a dos seus pais. Ademais a presencia da relixión desapareceu da economía e do Estado. En terceiro lugar a relixión é un asunto privado.
3.- As igrexas son axentes poderosos no aspecto económico e político, con moita capacidade de influencia. Ademais segue a haber no planeta moitos millóns de persoas que se declaran crentes, fronte a so un 5% aproximadamente de persoas que se declaran ateos/as. Con todo a desacralización refírese ao feito de que a relixión deixou de estar presente en todo momento e acto das nosas vidas. Neste sentido falamos de desacralización.